

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, por medio dos seus integrantes d **Xosé Manuel Beiras Torrado, Xabier Ron Fernández, Eva Solla Fernández, Antón Sánchez García, Ramón Vázquez Díaz e Juan Manuel Fajardo Recouso**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno**, relativa á ilegalidade e á vulneración dos dereitos humanos que supoñen os voos de deportación.

### Exposición de motivos

Nas vésperas desa noite de ilusión que supoñen para as crianzas os reis magos de Oriente, o ministerio do interior publicaba no BOE o exercicio de realismo sucio consistente na licitación do contrato para realizar os voos de deportación. Voos de deportación masiva que son ilegais toda vez que atentan contra diferentes normas internacionais:

- O artigo sétimo do Estatuto de Roma da Corte Penal Internacional, que considera como crime de lesa humanidade a deportación ou traslado forzoso de poboación.
- O artigo 19 da Carta de Dereitos Fundamentais da UE a cal prohibe as expulsións colectivas.
- O protocolo cuarto do Convenio Europeo dos dereitos Humanos ao sinalar no seu artigo 4 a prohibición das expulsións colectivas de estranxeiros.

Con cartos públicos, o ministerio do interior pretende continuar a atentar contra os dereitos humanos e a vulnerar as normas de dereito internacional. Para esta inicu práctica a licitación contempla como orzamento base un total de 11,8 millóns de euros. Eses cartos lonxe de se adicar a unha finalidade sociocomunitaria e de integración intercultural servirán para alimentar un negocio baseado nunha práctica

ilegal e ilexítima. No último bienio licitado foron as compañías Air Europa e Swift Air, - pertencentes ao grupo Globalia- cuxo presidente atópase imputado nun caso de investigación por un suposto fraude relacionado cos descontos para residentes dos billetes de avión a Baleares e Canarias, as compañías que se lucraron con este inicio negocio.

Esas deportacións masivas execútanse nuns casos polo ministerio do interior en solitario e noutros en colaboración coa axencia europea de control da fronteira exterior (Frontex). Dispositivo que lembra a Europa fortaleza imaxinada polos nazis. Estas prácticas supuxeron a deportación masiva de 3.373 persoas no 2014, segundo os propios e moi escasos datos facilitados polo ministerio do interior.

Como xa denunciabamos nunha anterior iniciativa, eses voos da ignominia comportan a que con anterioridade se produzan redadas e detencións para encher as prazas deses voos. Redadas e controis que atenden a identificar a cidadáns e cidadás polo seu aspecto físico ou a citación na comisaría de persoas estranxeiras cun motivo falso. Racismo frío e duro dun ministerio contra a cidadanía e os dereitos humanos.

A censura sobre o maltrato e a violación de dereitos segue mesmo no momento dos voos, sobre os que hai suficientes testemuñas acerca do inaceptable das horas de espera nos aeroportos das persoas sometidas a ese transo e sufrindo vixilancia intensiva, cacheos e incluso desnudos integrais, a suxeición con bridas ou esposas para atar as mans, o uso das sedacións forzosas, etc. O regulamento que rexe estas actuacións permite a violación de dereitos humanos.

Todo o operativo relativo a estes voos resta a resguardo da fiscalización pública, xerando o humus preciso para que esa práctica ilegal e ilexítima se exerza co engado da violencia física e simbólica.

Polo referido, o grupo parlamentario da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a reclamar do goberno central a supresión destes voos e das actuacións policiais conexas a eles.
- O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a demandar do goberno central a modificación do regulamento que rexe estas operacións de deportación masiva para que garanta os dereitos das persoas e evite polo tanto calquera maltrato, humillacións ou tortura.
- O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a desenvolver unha campaña informativa na sociedade e en particular entre o colectivo de persoas migrantes ao respecto dos dereitos e liberdades que lle recoñece o noso ordenamento xurídico e os convenios internacionais.



En Compostela, a 13 de xaneiro do 2016.

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 13/01/2016 13:02:22**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 13/01/2016 13:02:28**

**Anton Sánchez García na data 13/01/2016 13:02:30**

**Ramón Vázquez Díaz na data 13/01/2016 13:02:32**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 13/01/2016 13:02:34**

**Eva Solla Fernández na data 13/01/2016 13:02:36**